

CIDADE IMAXINARIA 2016

20 AGO 2016

De 11.00 a 14.30 e de 16.00 a 20.30 h

Entrada gratuita

Servizo de cantina con menú do día máis postos de comida e larpeiradas

CIDADEDA CULTURA.GAL

CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA:

//ABANCA INDITEX INVERWANTE gasNatura! jenosol Fundación Barrié Sabade Galicia OS Coren Gampa

GADIS NOSA TERRA 21 BARRERAS Estrella Galicia R MOWUS FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MUNICIPIO DE LUGRÍS

HORARIOS

- Espectáculo fixo
- ☀ Espectáculo itinerante

01 MACROXINCANA CON-FIO EN GALICIA

02 GARABATO DE BICICLETAS

03 ILLOTE DOS GATIVOS

04 TRANS LUDO EXPRESS

05 CORAZÓN XIGANTE

06 BERDINGUETTE

07 BAMBALAS

08 OOPART

09 CABARET ELEGANCE

10 IMPREUNA

11 PETE & PAT

12 BANGALURU

13 TRAPS

14 CIRCO EN FAMILIA

15 FLASHMOB DANCE BOLLYWOOD

16 OS BREGADIERS

17 VISITAS GUIADAS CON-FIO EN GALICIA

	11:00 - 11:30	11:30 - 12:00	12:00 - 12:30	12:30 - 13:00	13:00 - 13:30	13:30 - 14:00	14:00 - 14:30	XANTAR	16:00 - 16:30	16:30 - 17:00	17:00 - 17:30	17:30 - 18:00	18:00 - 18:30	18:30 - 19:00	19:00 - 19:30	19:30 - 20:00	20:00 - 20:30
01 MACROXINCANA CON-FIO EN GALICIA	Todo o día																
02 GARABATO DE BICICLETAS	Todo o día																
03 ILLOTE DOS GATIVOS	Todo o día																
04 TRANS LUDO EXPRESS	Todo o día																
05 CORAZÓN XIGANTE	Todo o día																
06 BERDINGUETTE	Todo o día																
07 BAMBALAS								11:30-12:00 e 13:45-14:15									
08 OOPART						13:00 a 13:50				17:15 a 18:05							
09 CABARET ELEGANCE				12:15-13:00					16:15-17:00								
10 IMPREUNA									18:30-19:40								
11 PETE & PAT					16:00-16:30								18:00-18:30				
12 BANGALURU			11:45-12:15								19:45-20:15						
13 TRAPS				12:45-13:15						17:00-17:30							
14 CIRCO EN FAMILIA	Todo o día																
15 FLASHMOB DANCE BOLLYWOOD											20:15-20:30						
16 OS BREGADIERS		11:00-11:30					14:00-14:30										
17 VISITAS GUIADAS CON-FIO EN GALICIA				12:30-13:30		18:30-19:30											


Coñece as áreas de lecer e zonas verdes do Gaiás

Esta edición de Cidade Imaxinaria aproveita para coñecer as novas áreas de lecer do Gaiás e gozar no pequeno rocódromo e no Parque da Balea, un espazo de xogo e descanso que homenaxea a un dos grandes artistas plásticos galegos: o coruñés Urbano Lugrís.

Achégate ao Bosque de Galicia e descubre a cara menos coñecida de Compostela, percorre o Xardín Literario e descubre o Parque do Lago, a nova área verde do Gaiás con sendas peonís, arboreda e zona de merendeiro.

Servizo de buses

L9 Servizo de mañá: saída desde Casas Novas-Gaiás. De 08:30 - 13:30. Cada 60 minutos. Servizo de tarde: saída desde a Praza de Galicia. De 14:20 a 21:00 h. Cada 40 minutos. Último bus dende o Gaiás ás 21:20 h



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

CIDADE IMAXINARIA 2016

GAIÁS - CIDADE DA CULTURA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



01 MACROXINCANA CON-FÍO EN GALICIA

A partir de 3 anos

Fábrica, fiado, tecido, patronaxe, corte, cosido, tinguido, estampado, pasarela, tenda... Descubre a importancia da historia do téxtil en Galicia superando as diferentes etapas desta macroxincana con probas para participar en familia.

02 GARABATO DE BICICLETAS

Familiar

A roda, o guiador, o freo, a cadea, o prato... e a bicicleta enteira. Descubre todos os xogos que caben neste vehículo de dúas rodas, cheos de enxeño, cor e diversión.

03 ILLOTE DOS CATIVOS

De 1 a 6 anos

Os máis pequenos de Cidade Imaxinaria terán o seu particular paraíso neste espazo especialmente pensado para eles composto dun total de vinte xogos tradicionais e insólitos cos que espertar e estimular a imaxinación e creatividade dos nenos.

04 TRANS LUDO EXPRESS

A partir de 3 anos

En medio dunha inmesa rede férrea, convértese en xefe de estación, escolta, gardaagullas... E en equipo ou só, constrúe a túa propia rede, dispón as vías férreas e comeza o traxecto do teu Oriente Express ou Transiberiano.

05 CORAZÓN XIGANTE

A partir de 5 anos

O corazón de Cidade Imaxinaria agarda polos máis ávidos participantes, que deberán facer valer a súa astucia para conseguir que a bola chegue ao máis alto. Habrá frechazo?

06 BERDINGUETTE

A partir de 4 anos

Argucia, habilidade física e un pouco de sorte. Estes son os tres ingredientes que se precisan para conseguir cruzar A Berdinguette, unha estrutura de madeira de orixe bretón, na que non poderás tocar os fios nin facer soar as campás. Aceptas o reto?

07 BAMBALAS

Todos os públicos

As irmás Bambalas afanaranse por demostrar as súas habilidades no trapecio. Mais nesa obsesión por gustarlle á audiencia acabarán errando unha e outra vez. Aínda así en cada fallo, demostrarán unha nova habilidade incomparable.

08 OOPART

Todos os públicos

Unha tripulación moi especial faranos un convite do máis particular: viaxar no tempo. Iso si, a un módico prezo. Para convencernos farán gala dos seus mellores reclamos e números circenses. Mais manipular o tempo traerá consecuencias. Atentos!

ESPECTÁCULO FIJO

ESPECTÁCULO ITINERANTE

Parque da Balea

CINC

Biblioteca e Arquivo de Galicia

CEM

Área sur de lecer

Torres Hejduk

Museo Centro Gaiás

Xardín Literario

Escenario

- C** Cantina
- R** Restaurante
- L** Postos de larpeiradas
- D** Área de descanso
- F** Foodtrucks
- +** Cruz vermella

09 CABARET ELEGANCE

Todos os públicos

Catro artistas xenuinos, intrépidos, elásticos, guapos e simpáticos –ou iso din– amosarannos entre discusións e complicidades diferentes técnicas de circo co trapecio: equilibrio, mástil chinés, monociclo e malabares que culminará cun número de trapecio triple.

10 IMPREUNA

Todos os públicos

Malabares, aéreos, acrobacias e clown. Impreuna mergúllanos na máis pura esencia do circo pero sen renunciar á fusión con outras artes vivas como a danza, o teatro e a comedia.

11 PETE & PAT

Todos os públicos

Dous elegantes ciclistas percorrerán Cidade Imaxinaria co seu piano. Atentos ás súas paradas porque por uns minutos o tándem converterase nun pequeno teatríño con música que nos transportará ao cine mudo e aos primeiros debuxos animados.

12 BANGALURU

Todos os públicos

Cidade Imaxinaria achégase aos aromas, cores e ritmos de Oriente. Airavata, a elefante sagrada, será quen presente a festa das cores levando a Prahlad, que inunda a atmosfera de música e sons. Mahant, domador e mestre de cerimoniais dirixirá o espectáculo e ao seu redor os Mandharas deleitarannos coas súas danzas, equilibrios e acrobacias en zancos.

13 TRAPS

Todos os públicos

Centos de teas conforman estes tres dragóns que nos transportarán ao mundo da infancia e dos soños. Cuns movementos orgánicos e uns sons moi realistas, déixate acompañar polos nosos animais de trapo.

14 CIRCO EN FAMILIA

A partir de 7 anos

Nunha Cidade Imaxinaria que se precie non podía faltar unha escola de circo. Se queres convértese nun pequeno aprendiz, achégate a estas clases particulares de malabares, equilibrios, acrobacias e aéreos e súmate á gran familia do circo.

15 FLASHMOB DANCE BOLLYWOOD

Todos os públicos

O fin de festa será ao máis puro estilo Bollywood! Da man de Martha Franco e as súas bailarinas, todos os participantes desta Cidade Imaxinaria 2016 aprenderemos uns sinxelos pasos que converteremos nunha espectacular coreografía na que todos seremos protagonistas.

16 OS BREGADIERS

Todos os públicos

Se alguén ten experiencia na rúa, eses son os músicos dos Bregadiers, que serán os encargados de poñerlle banda sonora a esta Cidade Imaxinaria. Un experimento fabuloso resultante de mesturar boas ondas con dúas brass bands como a St James Street Band e A Magnifique Bande dos homes sen medo. Para bailar sen parar.

17 VISITAS GUIADAS CON-FÍO EN GALICIA

Todos os públicos

Descubre a historia do téxtil e da moda en Galicia a través de cen looks singulares, reinterpretacións contemporáneas e valiosas coleccións privadas.